

## DECRETO

**Ilma. Sra. Dona Paula Alvarellos Fondo. Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos do Excmo. Concello de Lugo**

**ASUNTO: APROBACIÓN DA ADHESIÓN AO “CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA ESTATAL DE ADMINISTRACIÓN TRIBUTARIA E A FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS EN MATERIA DE INTERCAMBIO DE INFORMACIÓN TRIBUTARIA E COLABORACIÓN NA XESTIÓN RECAUDATORIA COAS ENTIDADES LOCAIS”, ASINADO CON DATA 18 DE MARZO DE 2021.**

## ANTECEDENTES DE FEITO

1.- Convenio de colaboración entre a AXENCIA ESTATAL DE ADMINISTRACIÓN TRIBUTARIA E A FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS EN MATERIA DE INTERCAMBIO DE INFORMACIÓN TRIBUTARIA E COLABORACIÓN NA XESTIÓN RECAUDATORIA COAS ENTIDADES LOCAIS”, asinado con data 18 de marzo de 2021.

Na cláusula terceira establécese o Sistema de Adhesión ao Convenio por parte das Entidades Locais, para elo, formalizarán a súa solicitude de adhesión plena e sen condicións (inclúese como anexo II modelo de Acto de Adhesión).

2.- Informe favorable da Tesoureira Municipal de data 18/05/2021, no que se pon de manifesto:

**“INFORME DE TESOURERÍA.**

**ASUNTO: CONVENIOS FEMP-AEAT PARA INTERCAMBIO DE INFORMACIÓN COLABORACIÓN NA XESTIÓN RECADATORIA E PARA SUBMINISTRACIÓN DE INFORMACIÓN DE CARÁCTER TRIBUTARIO COAS ENTIDADES LOCAIS.**

**LEXISLACIÓN APLICABLE:**

*Lei 7/1985, de 02 de abril, de Bases do Réxime Local (LBRL).*

*Real-Decreto Lexislativo 781/86, de 18 de Abril, Texto Refundido das Disposicións Legais Vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).*

*Real Decreto-Legislativo 2/2004, de 05 de marzo, Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).*

*Lei 39/2015, de 01 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.*

*Lei 40/2015, de 01 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.*

*Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria (LXT).*

*Real-Decreto 939/2005, de 29 de xullo, Regulamento Xeral de Recadación (RGR).*

*Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria.*

*Lei 11/2020 de 30 de decembro de Orzamentos Xerais do Estado.*

**ANTECEDENTES:**

## SERVIZO DE FOMENTO

CGG/mjl

Refª: ispac8707737972713405204.doc

Asunto: INF PROPOSTA ADHESIÓN CONVENIO AGENCIA TRIBUTARIA INTERCAMBIO INFORMACIÓN TRIBUTARIA

- Convenios FEMP-AEAT para intercambio de información e colaboración na xestión recadatoria e para subministración e información de carácter tributario coas entidades Locais publicados no BOE de 03/04/2021.

- Solicitud de informe de viabilidade e oportunidade de adhesión ao convenio de intercambio de información tributaria e colaboración na xestión recadatoria do servizo de Fomento.

### **INFORMO :**

**PRIMEIRO.** O artigo 140.1 da Lei 40/2015, de 01 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público establece como principios das relacións interadministrativas os seguintes:

“(…)

c) Colaboración, entendido como el deber de actuar con el resto de Administraciones Públicas para el logro de fines comunes.

d) Cooperación, cuando dos o más Administraciones Públicas, de manera voluntaria y en ejercicio de sus competencias, asumen compromisos específicos en aras de una acción común.

(…)”.

A eficacia no resultado da actuación entre Administracións Públicas, fai que a cooperación e a colaboración entre elas resulte un principio activo indispensable para o seu funcionamento.

En materia tributaria, a Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, recolle no seu artigo 5.4 que “El Estado y las Comunidades Autónomas podrán suscribir acuerdos de colaboración para la aplicación de los tributos y para el ejercicio de las funciones de revisión en vía administrativa”.

Así mesmo no artigo 5.5 recóllese que “Así mismo, podrán establecerse fórmulas de colaboración para la aplicación de los tributos entre las entidades locales, así como entre éstas y el Estado o las Comunidades Autónomas”.

Igualmente, o artigo 57 da Lei 7/1985, de 02 de Abril , Reguladora das Bases de Réxime Local, permite os convenios de cooperación económica, técnica e administrativa entre as Corporacións Locais e a Administración do Estado ou da Comunidade Autónoma.

**SEGUNDO.** Con data 03 de abril de 2021 publícanse no BOE o Convenio coa FEMP en materia de intercambio de información tributaria e colaboración na xestión recadatoria coas Entidades Locais e o Convenio coa FEMP en materia de subministración da información de carácter tributario ás EELL.

Este segundo convenio ten por obxecto establecer un marco xeral, e as Entidades Locais que se adhiran ao primeiro non precisan adherirse ao segundo, xa que o primeiro engloba a este.

**TERCEIRO.** O primeiro convenio (intercambio de información tributaria e colaboración na xestión recadatoria coas EELL) establece un intercambio de

*información ampliada respecto da anterior versión, e resulta interesante, especialmente en materia de inspección e recadación executiva.*

*Mantéñense a maioría de aspectos que contemplaba o convenio anterior no que respecta ao intercambio de información.*

*En relación á Información fornecida pola AEAT respecto do modelo 159 “Declaración anual de consumo de enerxía eléctrica” trátase de información con impacto no ámbito da inspección tributaria, para inspección a Taxa do 1.5% e IAE cando se tribute por cota municipal, dado que xa non vai ser necesario solicitarllo ao contribuínte.*

*En relación á Información fornecida polas EELL á AEAT esta increméntase, especialmente en todo o relacionado co pago electrónico de tributos locais (IBAN da conta de pago ou número de tarxeta de crédito e titular se se paga mediante plataforma). Con todo, o Convenio matiza que se fornecerá a información na medida que resulte tecnicamente posible.*

*Respecto á colaboración na xestión recadatoria, o novo Convenio mantén vixente o procedemento para a traba das devolucións tributarias da AEAT, procedemento de moito impacto para recadación executiva e imprescindible para a xestión da recadación no Concello de Lugo. Así, desde o exercicio 2020, as cantidades embargadas a través deste Convenio polo Concello de Lugo acadan os 355.018,96 €, co detalle do documento que se adxunta ao expediente.*

*Tamén se habilita un procedemento para o embargo por parte da AEAT dos pagos presupostarios que deban realizar as Entidades Locais a contribuíntes debedores da AEAT, procedementos nos que o Concello de Lugo xa ven colaborando desde hai uns anos, e que están a funcionar de forma totalmente satisfactoria. A maiores modifícase o modo mediante o cal hai que levar a cabo o procedemento que permita á AEAT o embargo dos pagos orzamentarios, que será a través do Punto Neutro de Embargo, unha vez que estea operativo.*

**CUARTO.** *En consecuencia, e de acordo co exposto, queda fora de toda dúbida a enorme importancia que o convenio ten no traballo diario de departamentos municipais tales como Facenda Local, Inspección tributaria e Tesourería e Recadación, xa que ter correctamente identificados ós debedores do Concello, mediante o seu NIF, ou coñecer o seu enderezo fiscal a efectos de notificacións é a base fundamental para que o procedemento de recadación chegue a bon fin, e por suposto a posibilidade de embargo de devolucións da AEAT resulta imprescindible dentro da xestión da recadación en vía executiva.*

*Este convenio non supón desembolso económico ningún para ó Concello, e podería facilitar o cumprimento das actuacións e comprobacións tributarias municipais, pero supón unha obriga recíproca de información que implica que os distintos servizos municipais afectados, e coa periodicidade sinalada no Convenio, envíen información á AEAT.*

*Lugo, na data da sinatura dixital.*

*A TESOUREIRA.”*

## SERVIZO DE FOMENTO

CGG/mjl

Refª: ispac8707737972713405204.doc

Asunto: INF PROPOSTA ADHESIÓN CONVENIO AGENCIA TRIBUTARIA INTERCAMBIO INFORMACIÓN TRIBUTARIA

**3.- Informe da Xefa do Servizo de Contratación, da data 21 de maio de 2021, no que se pon de manifesto:**

*“O artigo 6.1 do citado texto legal denominado “Convenios e encomendas de xestión” sinala expresamente, en relación cós convenios que celebren as entidades do sector público entre si, que estarán excluídos do ámbito da presente Lei sempre que o seu contido non esté comprendido no dos contratos regulados nesta lei ou nas normas administrativas especiais.*

*Neste caso trátase dá adhesión ó convenio de colaboración suscrito o 3 de abril de 2021 entre a AEAT e a FEMP en materia de intercambio de información tributaria e colaboración na xestión recadatoria coas Entidades Locais e o Convenio coa FEMP en materia de subministración da información de carácter tributario ás EELL.*

*Tal e como se desprende dos informes obrantes no expediente, este convenio conleva unha obriga recíproca de información e ademais non supón desembolso económico ningún para ó Concello, e podería facilitar o cumprimento das actuacións e comprobacións tributarias municipais.*

*Ao xuízo de quen subscribe visto o seu específico contido podese concluir que o seu obxecto non está comprendido dentro dos contratos regulados na Lei 9/2017 de contratos do sector público.”*

**4.- Informe do Servizo de Informática do 15/06/2021, no que se pon de manifesto:**

*“INFORME DO SERVIZO DE INFORMÁTICA RELATIVO AOS CONVENIOS FEMP-AEAT PARA INTERCAMBIO DE INFORMACIÓN E COLABORACIÓN NA XESTIÓN RECADATORIA E PARA SUBMINISTRACIÓN DE INFORMACIÓN DE CARÁCTER TRIBUTARIO COAS ENTIDADES LOCAIS.*

*Recibida providencia do Servizo de Fomento relativa á adhesión aos convenios entre a AEAT e a FEMP, asinados o 18/03/2021 e publicados no BOE número 80 de data 3 de abril de 2021, compre informar o seguinte:*

### *INTERCAMBIO DE INFORMACIÓN.*

*No convenio figuran detallados os distintos intercambios de información que terán lugar, tanto dende a AEAT cara ao Concello, como dende o Concello cara á AEAT. En canto ao formato, establécese que “tanto la solicitud como la entrega de la información se realizará por medios telemáticos. En especial, podrá realizarse por los medios y en los términos que establezca la Agencia Tributaria para la expedición de certificaciones tributarias electrónicas por parte de sus órganos”. Sen coñecer o formato de anteman é imposible avaliar a viabilidade destes intercambios. Sen embargo, a experiencia previa e a definición da información contida nos distintos intercambios fai prever que os interccambios se poidan levar a cabo sen problema.*

**CONTROL E SEGURIDADE DOS DATOS SUBMINISTRADOS.**

*En ambos convenios especifícase que “en cada Entidad Local se designará a una persona encargada del control y la seguridad de los datos suministrados a efectos de la verificación del uso adecuado del total de los suministros de información efectuados”.*

*Ao respecto desta esixencia do convenio, indicar que estas persoas non teñen porque ser persoal técnico nin adscrito ao Servizo de Informática.*

#### TRATAMIENTO DE DATOS PERSOAIS.

*En ambos convenios especifícase que “en el caso de las Entidades Locales, el Responsable del Tratamiento a los efectos del Reglamento General de Protección de Datos será la persona que designe cada Entidad Local”, polo que cumpre a inclusión destes tratamentos na distinta normativa interna do Concello de Lugo, e en especial no Rexistro de actividades de tratamento.*

#### INFORMACIÓN A SUBMINISTRAR Á AXENCIA TRIBUTARIA.

*No convenio en materia de intercambio de información tributaria e colaboración na xestión recadatoria caas entidades locais, detállanse a información que, de xeito periódico, o Concello deberá remitir á Axencia Tributaria, en concreto:*

*– Datos identificativos contenidos en el padrón municipal (sólo en el caso de Ayuntamientos).*

*– Altas, bajas y modificaciones en el Impuesto sobre Actividades Económicas. La información y periodicidad del suministro se realizará conforme a la normativa vigente.*

*– Liquidaciones del Impuesto sobre Construcciones, Instalaciones y Obras.*

*– Liquidaciones del Impuesto sobre el Incremento de Valor de los Terrenos de Naturaleza Urbana.*

*– Cambios en la clasificación del suelo (sólo en el caso de Ayuntamientos):*

*Suministro de los cambios en la situación urbanística del municipio, ya sean generales o parciales y de cualquier naturaleza que modifiquen la clasificación del suelo, urbano, urbanizable y no urbanizable: expedientes aprobados referentes a Programas de Actuación Urbanística (PAUs), Planes Especiales de Reforma Interior (PERIs), Planes Parciales y Modificaciones Parciales de Planeamiento.*

*– Información de naturaleza urbanística: (sólo en el caso de Entidades Locales sin ICIO).*

*– Información de naturaleza turística: Licencias concedidas para la realización de actividad de alquiler de uso turístico.*

*– Información sobre medios de pago, en la medida que resulte técnicamente posible: Impuesto sobre Bienes Inmuebles, Impuesto Especial sobre Vehículos de Tracción Mecánica, sanciones de tráfico (o de otro tipo) municipales, otros tributos, tasas o contribuciones especiales de cada municipio (por ejemplo: tasas por recogida de basuras, pasos de carruajes, vados).*

*Analizada esta información, xurden dúbidas a cerca da existencia dun rexistro de “Cambios na calificación do solo”, así como de “Información de natureza turística”, que facilite, chegado o momento, a preparación e envío desta información. Suxírese*

**SERVIZO DE FOMENTO**

CGG/mjl

Refª: ispac8707737972713405204.doc

Asunto: INF PROPOSTA ADHESIÓN CONVENIO AGENCIA TRIBUTARIA INTERCAMBIO INFORMACIÓN TRIBUTARIA

*por tanto a notificación ás áreas afectadas para que dispoñan dun rexistro con tales datos.*

*De todo isto se desprende que non existen aspectos técnicos comprometan a viabilidade ou impidan a adhesión aos convenios referidos, e o cumprimento das obrigas neles contidas non supón carga económica algunha”.*

**5.-** Decreto da Alcaldía nº 5370/2021 con data do 21/06/2021, polo que se RESOLVE:

**“ÚNICO.-** Designar como persoal interlocutor, para o desenvolvemento das funcións previstas no Convenio de colaboración entre a Axencia Estatal de Administración Tributaria e a Federación Española de Municipios e Provincias en materia de intercambio de información tributaria e colaboración na xestión recaudatoria coas entidades locais, asinado con data 18 de marzo de 2021, ao seguinte :

*Denominación del órgano o cargo: CONCELLO DE LUGO - TESOUREIRA E TITULAR DO ÓRGANO DE XESTIÓN ECONÓMICO-FINANZEIRA  
NIF del órgano: P2702800J*

*As persoas físicas de contacto serán:  
Tesoureira e Titular do Órgano de Xestión Económico-Financeira  
NIF 44077951S M. Aránzazu Sastre Carracedo  
Teléfono: 982297169  
Correo: arantxa.sastre@lugo.gal*

*Técnico de Xestión Económica  
NIF 33326284C M. Luisa Vila Fernández  
Teléfono: 982297296  
Correo: luisa.vila@lugo.gal”*

**6.-** Informe-Proposta do Servizo de Fomento, de data 22/06/2021, obrante no expediente e no que se conclúe que a proposta de convenio é axustada á regulamentación específica.

**7.-** Informe de Asesoría Xurídica de data 25/06/2021 no que se expón:

*“Primeiro.- Do carácter do presente informe.*

*A Asesoría Xurídica do Concello de Lugo é competente para a emisión do presente informe, como así resulta do disposto no artigo 51 do ROMGA e o Regulamento de Control Interno do Sector Público do Concello de Lugo. De conformidade con tal normativa, o informe ten carácter preceptivo.*

*Segundo.- Sobre a proposta de aprobación do convenio de colaboración.*

*Para evitar reiteracións innecesarias emítese o presente informe para facer constar a plena conformidade da Asesoría Xurídica co informe proposta emitido polo*

*Servizo Municipal de Fomento de data 18 de xaneiro de 2021, que consta no expediente, e que recolle a normativa de aplicación e, a xuízo do que subscribe, resulta adecuado a Dereito.*

*É todo canto procede informar.”*

### LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Real Decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público. LRXSP.
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.
- Calquera outras disposicións legais vixentes que lles sexan de aplicación ás corporacións locais.

### CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

**PRIMEIRA.-** O artigo 2 da Lei 7/1985, Reguladora das bases de réxime Local establece: “Para a efectividade da autonomía garantizada constitucionalmente ás Entidades Locais, a lexislación do Estado e a das Comunidades Autónomas, reguladora dos distintos sectores de acción pública, según a distribución constitucional de competencias, deberá asegurar a os Municipios, ás Provincias e ás Islas o seu dereito a intervir en cantos asuntos afecten directamente ao círculo dos seus intereses, atribuíndolles as competencias que proceda en atención ás características da actividade pública de que se trate e á capacidade de xestión da Entidade Local, de conformidade cos principios de descentralización, proximidade, eficacia e eficiencia, e con estricte suxeición á normativa de estabilidade presupostaría e sostenibilidade financeira.”

**SEGUNDA.-** Por outra banda, o artigo 86 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, determina que “As Administracións Públicas poderán celebrar acordos, pactos, convenios ou contratos con persoas tanto de dereito público como privado, sempre que non sexan contrarios ó ordenamento xurídico nin versen sobre materias non susceptibles de transacción, e teñan por obxecto satisfacer o interese público que ten encomendado, co alcance, efectos e réxime xurídico específico que, no seu caso, prevea a disposición que o regule, podendo tales actos ter a consideración de finalizadores dos procedementos administrativos ou insertarse neles con carácter previo, vinculante ou non, á resolución que lles poña fin”.

## SERVIZO DE FOMENTO

CGG/mjl

Refª: ispac8707737972713405204.doc

Asunto: INF PROPOSTA ADHESIÓN CONVENIO AGENCIA TRIBUTARIA INTERCAMBIO INFORMACIÓN TRIBUTARIA

**TERCEIRA.-** De igual xeito, o artigo 111 do Real Decreto Legislativo 781/86, de 18 de abril, do Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala que as Entidades Locais poderán concerta-los contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprí-los a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades.

**CUARTA.-** O artigo 47 da lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do Sector público, establece a definición e tipos de convenios, “Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados o dependentes o as Universidades públicas entre si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común” e, considera o artigo 47.2.b) que estamos ante un “Convenio interadministrativo firmado entre organismos públicos y entidades de derecho público vinculados o dependientes de una misma Administración Pública.”

Do mesmo xeito en canto ó contido dos convenios o artigo 49 da devandita Lei, pronúnciase sobre os convenios aos que se refire o apartado 1 do artigo anterior (*Artigo 48.1: As administracións públicas, os seus organismos públicos e entidades de dereito público vinculadas o dependentes e as Universidades públicas, no ámbito das súas respectivas competencias, poderán subscribir convenios con suxeitos de dereito público e privado, sen que elo poda supoñer cesión da titularidade da competencia*), deberán incluír, ao menos, as seguintes materias:

- a) Suxeitos que subscriben o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.
- b) A competencia na que se fundamenta a actuación da Administración Pública, dos organismos públicos e as entidades de dereito público vinculadas ou dependentes dela ou das Universidades públicas.
- c) Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando, no seu caso, a titularidade dos resultados obtidos.
- d) Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes, se os houbera, indicando a súa distribución temporal por anualidades e a súa imputación concreta ao presuposto correspondente de acordo co previsto na lexislación presupostaria.
- e) Consecuencias aplicables no caso de incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes e, no seu caso, os criterios para determinar a posible indemnización polo incumprimento.
- f) Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos firmantes. Este mecanismo resolverá
- g) O réxime de modificación do convenio. A falla de regulación expresa a modificación o contido do convenio requirirá acordo unánime dos firmantes.
- h) Prazo de vixencia do convenio tendo en conta as seguintes regras:
  - 1º. Os convenios deberán de ter unha duración determinada, que non poderá ser superior a catro anos, salvo que normativamente se prevea un prazo superior.



2º. En calquera momento antes da finalización do prazo previsto no apartado anterior, os firmantes do convenio poderán acordar unanimemente a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais a súa extinción. ....”.

Por todo elo enténdese que o convenio obxecto da tramitación de súa adhesión por parte do Concello, contén as materias referidas.

**QUINTA.-** Así mesmo, é de destacar que a adhesión ao convenio de colaboración asinado o 18/03/2021, non lle é de aplicación a lexislación de contratos das Administración Públicas, conforme ao Informe de Contratación que se recolle nos antecedentes de feito.

**SEXTA.-** Os concellos son entidades locais básicas con personalidade xurídica e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins, e conforme ao artigo 4 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Régimen Local, correspóndelles: “ *Artículo 4.1. En su calidad de Administraciones públicas de carácter territorial, y dentro de la esfera de sus competencias, corresponden en todo caso a los municipios, las provincias y las islas: a) Las potestades reglamentaria y de autoorganización.b) Las potestades tributaria y financiera.....*”

Por todo o anteriormente exposto, no uso das atribucións que lle confire á Xunta de Goberno Local o artigo 127 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, atribucións delegadas segundo acordo da Xunta de Goberno Local núm. 28/452, de 17/07/2019, **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.-** Solicitar e aprobar a adhesión ao Convenio de colaboración entre a Axencia Estatal de Administración Tributaria e a Federación Española de Municipios e Provincias en materia de intercambio de información tributaria e colaboración na xestión recaudatoria coas entidades locais”, asinado con data 18 de marzo de 2021, así como os seu Anexos I, II e III, sendo vontade do Concello de Lugo, adherirse expresamente a todas e cada unha das cláusulas do Convenio antes citado, asumindo as obrigas derivadas do mesmo e con suxeición a todas e cada unha das súas cláusulas.

**SEGUNDO.-** Estar ao disposto co manifestado en informe do Servizo de Informática transcrito no expositivo 4 da presente Resolución, fundamentalmente en relación a existencia dun *Rexistro de actividades de tratamento cos datos que correspondan, por cada Área afectada.*

**TERCEIRO.-** PUBLICACIÓN

Realizar a oportuna publicación no rexistro de convenios, de conformidade co artigo 8.1.b) da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso á Información Pública e Bo Goberno.

## SERVIZO DE FOMENTO

CGG/mjl

Refª: ispac8707737972713405204.doc

Asunto: INF PROPOSTA ADHESIÓN CONVENIO AGENCIA TRIBUTARIA INTERCAMBIO INFORMACIÓN TRIBUTARIA

**CUARTO.-** Notifica-la presente resolución ás partes interesadas indicando que pon fin á vía administrativa e contra ela pódese interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de DOUS MESES, contados dende o día seguinte ó da recepción desta comunicación ante o Xulgado do contencioso administrativo (artigo 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, modificada pola Lei Orgánica 19/2003 de 23 de decembro), así como as demais accións legais que estime pertinentes.

Malia o anterior, no caso de interposición por parte dunha Administración de recurso contencioso-administrativo contra outra e, con carácter previo e potestativo, no prazo de DOUS MESES, contados dende a recepción da presente comunicación, poderá requirir á Alcaldía para que anule ou revogue o presente acto; requirimento que se entenderá rexeitado se non se contestara dentro do mes seguinte á súa recepción. De utilizarse esta vía, o prazo de DOUS MESES para interpoñer recurso contencioso-administrativo contará dende o día seguinte a aquel en que se notifique a resolución do requirimento ou se entenda presuntamente rexeitado (artigos 44.2 e 3 e 46.6 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa).

Cúmprase.